**1º.-** Con data 7 de febreiro de 2020 a Xunta de Goberno Local acorda, entre outros, CONCEDER, salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza municipal de obra maior a **JOSÉ MARÍA IGLESIAS RODRÍGUEZ**, titular do Documento Nacional de Identidade nº XXXXXX para ampliación de explotación de porcino, no lugar de Regalade, parroquia de Cortegada (Silleda), parcela con referencia catastral 36052E507004970000HG, segundo o proxecto asinado polo enxeñeiro técnico agrícola, Francisco Pérez Donsión, colexiado nº 579, visado polo Colexio Oficial o 11/09/2019, nº PO-20190333, con arreglo ás limitacións que se establecen nos informes técnicos e sectorias que constan no expediente.

**2º.-** Consta resolución da Xunta de Galicia, Consellería de Medio Ambiente e Ordenación da territorio con data 08/10/2019 pola que se formula a **declaración de incidencia ambiental FAVORABLE** para a ampliación dunha explotación porcina de cebo, en Outeiro, Moalde, no concello de Silleda, conforme ao proxecto e separatas, asinado polo enxeñeiro técnico agrícola Francisco Pérez Donsión, colexiado nº 579, visado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas o 11/09/2019, con nº de visado 20190333 e a memoria ambiental de agosto de 2019, actividade promovida por JOSÉ MARÍA IGLESIAS RODRIGUEZ con CIF: XXXXX ao concluír que non é previsible que vaia producir impactos adversos significativos, sempre que se cumpran as condicións ambientais especificadas na documentación achegada polo promotor, as indicadas polos organismos consultados e as establecidas nesa declaración.

**3º.-** Con data de 22 de outubro de 2019 consta Autorización Da Axencia Estatal de Seguridade Aérea en materia de Servidumes Aeronáuticas.

**4º.-** Consta informe do arquitecto municipal Lino Doporto Framil asinado o 04/12/2019 que sinala unha serie de deficiencias, que se transcriben a continuación:

"*-Vista a documentación aportada, non consta, salvo erro ou omisión involuntarios, recoñecemento da explotación a data 1 de xaneiro de 2003 a nome de Jose María Iglesias Rodríguez. Por tanto, deberase aportar recoñecemento da explotación ou, no seu defecto, xustificar a existencia e volume orixinario da mesma á data sinalada, por calquera medio válido en dereito, a fin de poder aclarar a xustificación urbanística adoptada.*

*-En caso contrario, para poder aplicar a Disposición transitoria terceira, Desenvolvemento da disposición transitoria cuarta da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, deberase aportar copia da licenza orixinaria".*

**5º.-** O 16/12/2019 con rexistro de entrada neste Concello nº 2019-E-RE-439, presentan "ANEXO Ó PROXECTO DE AMPLIACIÓN DE EXPLOTACIÓN DE PORCINO" redactado por Francisco Pérez Dosión, Enxeñeiro Técnico Agrícola colexiado nº 579, visado polo Colexio Oficial de Enxeneiros Técnicos Agrícolas de Pontevedra o 13/12/2019 nº 20190333.

**6º**.- Consta no expediente informe favorable do técnico municipal Lino Doporto Framil, asinado o

23/01/2020, no que se recolle o seguinte:

“*Polo que o técnico que subscribe considera que o proxecto presentado non contradí a Normativa urbanística vixente, polo que se INFORMA FAVORABLEMENTE a solicitude de concesión da licenza de Ampliación de explotación de Porcino solicitada dende o punto de vista técnico, e proponse para a concesión de licencia municipal de obra, con arreglo ás limitacións que se establecen neste informe técnico, se ben para o inicio da actividade será preciso aportar comunicación previa conforme ao modelo oficial, acompañado de certificación de estanquidade da foxa executada, emitido polo técnico director das obras, xunto con toda a documentación regulamentaria.*

*Faise constar que o artigo 91 “Adaptación ao ambiente e protección da paisaxe” da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, establece o seguinte:*

*c) A tipoloxía das construcións e os materiais e as cores empregados deberán favorecer a integración no contorno inmediato e na paisaxe.*

*d) As construcións deberán presentar todos os seus paramentos exteriores e cubertas totalmente terminados.*

*e) Queda prohibida a publicidade estática que polas súas dimensións, localización ou colorido non cumpra as anteriores prescricións.*

*De acordo có artigo Artigo 357, Resolución, do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, “Será requisito indispensable en todas as obras dispor, xunto á obra, de copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores a colocación do carte l 7 indicador en que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai a destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente”.*

*Porén, non poderán iniciarse as obras ata a presentación no Rexistro do Concello e posterior supervisión da seguinte documentación:*

*1. Autorización de Augas de Galicia para o abastecemento de auga.*

*2. Folla de edificación e estatística cumprimentada.*

*O que se informa desde o punto de vista técnico ao leal saber e entender do arquitecto que subscribe, sen prexuízo doutro criterio mellor fundamentado, en Silleda, na data sinalada na marxe”*.

**7º.-** Consta no expediente informe xurídico do 07/02/2020.

**8º.-** Consta no expediente a concesión da licenza por acordo da Xunta de Goberno Local na sesión celebrada o 7 de febreiro de 2020.

**9º.-** Advertido erro na situación da obra no informe do arquitecto municipal, consta no expediente novo informe que subscriben Lino Doporto Framil, arquitecto municipal (asinado o 17/02/2020), e Juan Carlos Peteiro Rodríguez, AEDL (18/02/2020) que asinou o informe xurídico. O informe recolle as seguintes conclusións:

"*Polo que o técnico que subscribe considera que o proxecto presentado non contradí a Normativa urbanística vixente, polo que se INFORMA FAVORABLEMENTE a solicitude de concesión da licenza de Ampliación de explotación de Porcino solicitada dende o punto de vista técnico, e proponse para a concesión de licencia municipal de obra, con arreglo ás limitacións que se establecen neste informe técnico, se ben para o inicio da actividade será preciso aportar comunicación previa conforme ao modelo oficial, acompañado de certificación de estanquidade da foxa executada, emitido polo técnico director das obras, xunto con toda a documentación regulamentaria.*

*Faise constar que o artigo 91 "Adaptación ao ambiente e protección da paisaxe" da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, establece o seguinte:*

*c) A tipoloxía das construcións e os materiais e as cores empregados deberán favorecer a integración no contorno inmediato e na paisaxe.*

*d) As construcións deberán presentar todos os seus paramentos exteriores e cubertas totalmente terminados.*

*e) Queda prohibida a publicidade estática que polas súas dimensións, localización ou colorido non cumpra as anteriores prescricións.*

*De acordo có artigo Artigo 357, Resolución, do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, "Será requisito indispensable en todas as obras dispor, xunto á obra, de copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores a colocación do carte l 7 indicador en que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai a destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente".*

*Porén, non poderán iniciarse as obras ata a presentación no Rexistro do Concello e posterior supervisión da seguinte documentación:*

*1. Autorización de Augas de Galicia para o abastecemento de auga.*

*2. Folla de edificación e estatística cumprimentada.*

*O que se informa desde o punto de vista técnico ao leal saber e entender do arquitecto que subscribe,sen prexuízo doutro criterio mellor fundamentado, en Silleda, na data sinalada na marxe.*

*Documento asinado electrónicamente por Lino Manuel Doporto Framil, arquitecto*

*INFORME XURÍDICO*

*Visto o informe técnico emitido polo arquitecto, manifesto a miña conformidade có expresado no mesmo, salvo mellor criterio, en Silleda, na data sinalada na marxe".*

**10º.-** Consta no expediente acordo da Xunta de Goberno Local na sesión celebrada o 5 de marzo de 2020 na que corrixe o erro advertido no informe do arquitecto municipal.

**11º.-** Consta no expediente pago do ICIO.

**12º.-** Consta no expediente o certificado final de obra asinado por Francisco Pérez Donsión, Enxeñeiro Técnico Agrícola, colexiado nº 579 do Ilmo. Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas e Peritos Agrícolas da A Coruña, visado polo mesmo colexio con data 06/06/2022, nº de visado 20220546.

**13º.-** Consta no expediente comunicación de cambio de titularidade da actividade cos datos do novo titular **Eva Mª Serantes Puente** con D.N.I. XXXXX

**14º.-** Consta no expediente informe do Arquitecto municipal, Lino Doporto Framil, asinado o 23/11/2022 no que fai constar o seguinte:

"*En cumprimento do artigo 71.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, visto o expediente 1602/2019, cómpre sinalar as seguintes deficiencias:*

*-Canto ao artigo 355.3 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, a solicitude de licenza conterá os seguintes datos e documentos:*

◦ *Documentación xustificativa da posta en funcionamento das instalacións executadas no inmoble de conformidade coa súa normativa reguladora.*

*-Canto ás autorizacións sinaladas e outros documentos requiridos no certificado de concesión de licenza, non constan presentadas as seguintes:*

◦ *Augas de Galicia, demarcación Galicia Centro. Autorización para o pozo de abastecemento de auga.*

◦ *Certificación de estanquidade da foxa executada, emitido polo técnico director das obras.*

*A documentación a aportar deberá presentarse, no seu caso, asinada por técnico competente e VISADA polo colexio profesional correspondente.*

*A Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, no seu artigo 143.3 dispón que: "Unha vez presentado ante o concello, o proxecto adquire o carácter de documento público, e o seu autor responde da exactitude e veracidade dos datos técnicos consignados nel".*

*Polo que se propón emprazar ao promotor para que presente a documentación sinalada para a continuación da tramitación do expediente"*.

**15º.-** O 13/12/2022 con rexistro de entrada neste Concello nº 2022-E-RC-5036, José María Iglesias Rodríguez, con D.N.I. XXXXXX presenta.

-Certificación de estanquidade da fosa de xurro.

-Autorización de Augas de Galicia para o pozo de auga.

-Autorización de Sanidade, para a ampliación da explotación porcina.

**16º.-** Consta **informe favorable** do arquitecto municipal, Lino M Doporto Framil, asinado o 26/04/2023.

O informe favorable do arquitecto recolle o seguinte:

" *Que, efectuada visita de comprobación ao establecemento onde se pretende desenvolver a apertura da actividade de ampliación de explotación de porcino o día 19 de abril de 2023, comprobouse que cumpre cos requisitos e condicións técnicas que esixe a normativa vixente, en particular:*

*— Seguridade para o público asistente, traballadores, executantes e bens.*

*— Condicións de solidez das estruturas e de funcionamento das instalacións.*

*— Prevención e protección de incendios e outros riscos inherentes á actividade, facilitando a accesibilidade dos medios de auxilio externo.*

*— Condicións de salubridade, hixiene e acústica, determinando expresamente as condicións de insonorización dos locais necesarias para evitar molestias a terceiros.*

*— Protección da contorna urbana e natural, e do medio ambiente, protección tanto da contorna natural como do urbano e do patrimonio histórico, artístico e cultural.*

*— Condicións de accesibilidade e goce para persoas con mobilidade reducida.*

*4. Que as medidas correctoras propostas polo solicitante considéranse axeitadas e suficientes, conforme ao previsto nas Normas que son de aplicación.*

**En conclusión ao exposto, informase favorablemente o primeiro uso da edificación e a solicitude de apertura de actividade, sito/a en Outeiro- Moalde, con referencia catastral 36052E507004970000HG, e destinado a ampliación de explotación de porcino.**

*O que se informa desde o punto de vista técnico ao leal saber e entender do arquitecto que subscribe, sen prexuízo doutro criterio mellor fundamentado, en Silleda, a na data sinalada na marxe.”*

17º.- Consta informe xurídico da Secretaria municipal de data 13/06/2023.

**FUNDAMENTOS DE DEREITO:**

**PRIMEIRO.-LICENZAS URBANÍSTICAS**

Pódese definir o termo licenza urbanística como un acto administrativo de autorización ou declarativo de dereitos, de natureza regrada, mediante o cal a Administración leva a cabo un control preventivo sobre a actividade dos administrados para asegurar que a actuación proxectada se axusta á ordenación urbanística.

As licenzas otórganse de acordo coas previsións da lexislación e do planeamento urbanístico e sempre deixando a salvo o dereito de propiedad e sen prexuízo de terceiros.

A denegación das licenzas urbanísticas deberá ser motivada, con explícita referencia ás normas ou determinación do planeamento urbanístico que se incumplan no proxecto para o que se solicita.

Así o establecen os artigos 142, 143 e 144 da Lei 2/2016 LSG e arts.348 e ss do RLSG.

Artigo 142. Licenzas urbanísticas e comunicacións previas

1. A licenza urbanística e a comunicación previa teñen por finalidade o sometemento ao control municipal dos actos de edificación e uso do solo.

2. Estarán suxeitos a licenza municipal, sen prexuízo das autorizacións que sexan procedentes de acordo coa lexislación sectorial aplicable, os seguintes actos:

a) Os actos de edificación e uso do solo e do subsolo que, consonte a normativa xeral de ordenación da edificación, precisen de proxecto de obras de edificación.

b) As intervencións en inmobles declarados bens de interese cultural ou catalogados polas súas singulares características ou valores culturais, históricos, artísticos, arquitectónicos ou paisaxísticos.

c) As demolicións, agás as derivadas de resolucións de expedientes de restauración da legalidade urbanística.

d) Os muros de contención de terras, segundo se estableza regulamentariamente.

e) Os grandes movementos de terras e as explanacións.

f) As parcelacións, segregacións ou outros actos de división de terreos en calquera clase de solo,



Rúa do Trasdeza, 55, Silleda. 36540 (Pontevedra). Tfno. 986580000. Fax: 986581021

cando non formen parte dun proxecto de reparcelación.

**g) A primeira ocupación dos edificios.**

h) A implantación de calquera instalación de uso residencial, xa sexa provisional ou permanente

i) A corta de masas arbóreas ou de vexetación arbustiva en terreos incorporados a procesos de transformación urbanística e, en todo caso, cando a dita corta derive da lexislación de protección do dominio público.

3. Quedan suxeitos ao réxime de intervención municipal de comunicación previa os actos de edificación e uso do solo e do subsolo non suxeitos a licenza e, en todo caso, os que así se establezan nas leis.

Artigo 143. Procedemento de outorgamento de licenzas

1. As licenzas outorgaranse de acordo coas previsións da lexislación e do planeamento urbanísticos. En ningún caso se entenderán adquiridas por silencio administrativo facultades ou dereitos que contraveñan a ordenación territorial ou urbanística.

2. A competencia para outorgar as licenzas correspóndelles aos municipios, segundo o procedemento previsto na lexislación de réxime local. As peticións de licenza resolveranse no prazo de tres meses, contados desde a presentación da solicitude coa documentación completa no rexistro do concello.

Para o outorgamento da licenza solicitada serán preceptivos os informes técnicos e xurídicos municipais sobre a súa conformidade coa legalidade urbanística.

3. Ás solicitudes de licenzas que se refiran á execución de obras ou instalacións deberá achegarse proxecto completo redactado por técnico competente, na forma e co contido que se determine regulamentariamente.

Artigo 144. *Prelación de licenzas e outros títulos administrativos*

1. Cando os actos de edificación e uso do solo e do subsolo sexan realizados en terreos de dominio público, exixiranse as autorizacións ou concesións preceptivas previas por parte do titular do dominio público. A falta destas ou a súa denegación impediralle ao órgano competente outorgar a licenza e ao particular obter o título habilitante.

2. Cando a obra teña por obxecto o desenvolvemento dunha actividade, consignarase expresamente esa circunstancia.

3. No suposto de que os actos de edificación e uso do solo e do subsolo suxeitos a licenza urbanística requiran a previa avaliación de impacto ambiental, non se poderá outorgar a licenza municipal con anterioridade á declaración de impacto ou efectos ambientais ditada polo órgano

ambiental competente, ou cando for negativa ou se incumprisen as medidas correctoras determinadas nela.

4. Non se poderá presentar a comunicación previa nin conceder licenza sen que se acredite o previo outorgamento das autorizacións urbanísticas ou sectoriais doutras administracións públicas, cando sexan procedentes de acordo co disposto nesta lei.

**SEGUNDO.-OBXECTO DA LICENZA URBANÍSTICA**

Segundo o disposto no artigo 355 do Regulamento da Lei do Solo de Galicia:

"3. As solicitudes de licenza de primeira ocupación ou utilización que se refiran a edificacións amparadas en licenza de obras que requirisen proxecto técnico, deberán acompañarse dun certificado acreditativo da efectiva e completa finalización das obras, previa á visita de comprobación dos servizos técnicos municipais, subscrito por técnico competente e visado polo colexio profesional cando así o esixa a normativa vixente, así como unha declaración do técnico sobre a conformidade das obras executadas co proxecto autorizado pola licenza de obras correspondente.

Achegarase igualmente á solicitude documentación xustificativa da posta en funcionamento das instalacións executadas no inmoble de conformidade coa súa normativa reguladora e, no seu caso, certificación emitida polas empresas subministradoras dos servizos públicos, da adecuada execución das acometidas das redes de subministración".

**TERCEIRO.- RÉXIME XURÍDICO DA ACTIVIDADE.**

A actividade obxecto da presenta licenza someteuse a avaliación de incidencia ambiental con carácter previo a tramitación da licenza urbanística.

Unha vez executadas as obras e obtida a licenza de primeira utilización, deberase presentar no Concello segundo o establecido no artigo 364 do RLSG comunicación previa de inicio de actividade:

"*Despois de finalizar a obra e obtida a licenza de primeira utilización da edificación, nos casos que sexa esixible, presentarase comunicación previa ou declaración responsable para o inicio da actividade ou a apertura do establecemento sen máis requisitos, salvo disposición en contrario, que os datos de identificación da persoa titular e a referencia da comunicación previa ou a licenza urbanística que amparou a obra realizada e o certificado final de obra asinado por técnico competente".*

Do mesmo xeito se pronuncia o artigo 24 e o artigo 33 Avaliación de incidencia ambiental da Lei 9/2013, de emprendemento e competitividade de Galicia,

1. *As actividades ás que non lles resulte de aplicación a normativa sobre avaliación de impacto ambiental e que estean incluídas no anexo desta lei someteranse a avaliación de incidencia ambiental previamente á comunicación a que fai referencia o capítulo anterior.*



Rúa do Trasdeza, 55, Silleda. 36540 (Pontevedra). Tfno. 986580000. Fax: 986581021

2. *Para estes efectos, obtida a declaración de incidencia ambiental ou a súa modificación substancial, presentarase a comunicación previa contemplada no artigo 24 da presente lei ante o concello respectivo, na que, ademais do previsto no citado artigo, achegarán a seguinte documentación:*

    *a) Copia do proxecto da obra ou actividade asinada por técnico/a responsable.*

    *b) Declaración de incidencia ambiental.*

    *c) Certificación do/a técnico/a ou os/ as técnicos/as facultativos/ as que autoricen o proxecto de que este cumpre coa normativa técnica de aplicación.*

3. *Carecerá de validez e eficacia para todos os efectos a comunicación previa relativa a un proxecto que non se axuste ao determinado na declaración de incidencia ambiental.*

**Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das competencias delegadas polo Alcalde na resolución do 20 de xuño de 2019, ACORDA:**

**PRIMEIRA.-** Infórmase favorablemente a concesión a **JOSÉ MARÍA IGLESIAS RODRÍGUEZ**, titular do Documento Nacional de Identidade nºXXXXXXX, de **LICENZA DE PRIMEIRA UTILIZACIÓN**, para ampliación de explotación de porcino, no lugar de Outeiro, parroquia de Moalde (Silleda), parcela con referencia catastral 36052E507004970000HG, unha vez comprobado que as obras se axustan ao proxecto obxecto da licencia urbanística concedida por acordo da **Xunta de Goberno Local do Concello de Silleda** do día 7 de febreiro de 2019 no que se **adoptou**, entre outros, **o acordo** de CONCEDER, salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza municipal de obra maior a **JOSÉ MARÍA IGLESIAS RODRÍGUEZ**, titular do Documento Nacional de Identidade nº 35.212.867-M, segundo o proxecto asinado polo enxeñeiro técnico agrícola, Francisco Pérez Donsión, colexiado nº 579, visado polo Colexio Oficial o 11/09/2019, nº PO-20190333, con arreglo ás limitacións que se establecen nos informes técnicos e sectorias que constan no expediente.

**SEGUNDA**.- Requirir ao interesado para que con carácter previo ao inicio da actividade presente no Concello a preceptiva comunicación previa, de conformidade co establecido no artigo 364 do RLSG e 24 da Lei 9/2013, de emprendemento e competitividade de Galicia.

**TERCEIRA**.- Consta no expediente o abono da taxa por outorgamento da licenza de primeira ocupación de edificios polo importe de **126,00 €** en virtude do establecido no artigo 5 da ordenanza municipal.

**CUARTA**.- *Notificar o presente acordo ao interesado.*

| **Expediente 885/2023. Patrimonio Municipal do Solo - Adquisición de vivenda** | |
|---|---|
| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |

Visto o Real Decreto 692/2021, de 3 de agosto, polo que se regula a concesión directa de axudas para investimentos a proxectos singulares locais de enerxía limpa en municipios de reto demográfico (PROGRAMA DUS 5000), no marco do Programa de Rexeneración e Reto Demográfico do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

Visto que o concello de Silleda presentou á mesma o proxecto de MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL E REXENERACIÓN URBANA NO CENTRO DE BANDEIRA, MUNICIPIO DE SILLEDA, cun orzamento final de 1.053.739,23 € (IVA incluído), proxecto para o que se ten recibido resolución definitiva de concesión de axuda por un importe máximo de 814.056,05, ao amparo do citado RD 692/2021

Visto que a zona de actuación das obras abrangue un ámbito de actuación dunha superficie de 7.623,05 m2 e inclúe a Praza da Feira e as rúas circundantes:

Visto que na Praza da Feira existe unha única vivenda unifamiliar, identificada con Referencia catastral 7113101NH5371S0001OT, que está rodeada en todos os seus ventos pola zona de actuación.

Vista a Memoria de alcaldía de data 24 de Maio de 2.023, na que se xustifica a necesidade e conveniencia da adquisición da citada vivenda e o fin para o que pretende destinar a mesma.

Visto que Don Luis Vázquez Vázquez, único propietario de esta vivienda, segundo escritura de de aceptación e adxudicación de herdanza nº 112 da Notaria Manuel Barros Gallego, de data dous 02 de febreiro de 2023, e da que consta no expediente certificación descritiva e gráfica , expresou a súa vontade de vender ao Concello de Silleda dita vivenda co seu terreo , tal e como se reflexa non escrito que consta no expediente.

Vista a valoración, de data 24 de Maio de 2023 asinada polo arquitecto D. Manuel Abelleira Argibay (Arquitecto colexiado nº 2.222) e conformado pola arquitecta técnica Verónica Chaves González, e na que se incorpora o correspondente estudio de mercado.

**Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das competencias delegadas polo Alcalde na resolución do 20 de xuño de 2019, ACORDA:**

**PRIMEIRO**: Acordar ou inicio dous trámites para a Compra da vivenda propiedade de Don Luis Vázquez Vázquez, con referencia catastral 7113101NH5371S0001OT e sita na Rúa de Entroido1-Bandeira, polo procedemento de adquisición directa

**SEGUNDO**. Instar aos departamentos municipais de Secretaría e Intervención a iniciar os trámites oportunos para dito fin.

**TERCEIRO**. Autorizar ao Alcalde a negociar cos seus propietarios a adquisición da vivenda e ou terreo sobre ou que se implanta

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE**